

X E R A I S N A R R A T I V A

LEDICIA COSTAS
PEL DE CORDEIRO



**ADIANTO
EDITORIAL**



LEDICIA COSTAS

PEL DE CORDEIRO

Edición promocional numerada
e asinada pola autora

Adianto editorial non venal: abril 2024

Deseño de capa: Elemental / Manuel Martínez
Imaxe de portada: Andrés Meixide

© Leticia Costas, 2024
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2024
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal



Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

A primeira morte

Mariña presentía que ía morrer. Sucedería mentres lle extirpaban de dentro a criatura que estaba condenada a parir. Aínda que para favorecer o parto lle envolvesen o ventre cunha faixa de pel de víbora con cruces pintadas pola parte do revés cos seus propios fluídos, ou entrasen as veciñas naquela estancia que fedía a vaca e suor portando reliquias que ían colocando sobre a cama, arredor do corpo inflado. Caixas douradas con anacos de esqueleto, guedellas de pelo, un dedo, un anaco de lingua, unllas arrincadas en pleno martirio, un corazón. Nin encomendarse a san Ramón Nonato, patrón dos partos, musitando unha oración, nin a rosa de Xericó dentro dunha cunca con auga da fonte dos milagres sobre a cómoda, nin a mandrágora enchoupada en sangue de cordeiro agochada debaixo da cama, nin o bautismo de media noite que repetira en tres ocasións, acudindo en segredo á ponte romana a agardar o primeiro camiñante que pasase a partir das doce para obrígalo a coller auga do río e botarlle sobre o torso espido mentres pronunciaba as mesmas palabras do bautismo agás o amén, porque o amén estaba prohibido; sobre todo para ela. Nada que facer para evitar

a morte, porque aquela criatura viña de nádegas e non estaba alí a súa nai, que era a única que podía salvara. Mais Mariña resistíase defendéndose con todos os medios que tiña ao seu alcance. E agora que? Agora as pernas abertas sobre o catre. Son as once da noite. Falta unha hora para que lle rebanden o ventre cun coitelo incandescente e se desangre.

Tres venres seguidos bramou coma un boi a criatura que levaba dentro. Que difícil de tolerar a existencia dunha muller embarazada co bruído dun boi manifestándose desde as entrañas. Os berros escoitáronse nas casas máis próximas e a xente pechou as contraventás e as portas despois de facer o sinal da cruz e suplicar clemencia coas miradas postas no ceo. Tiñan medo e tiñan esperanza. Porque un non-nato que berra antes de nacer abre a posibilidade a que naza un monstro, un mal-dito, mais tamén é a premonición dunha criatura con poderes curativos. Non sería a primeira vez que sucedía algo así, cen anos antes cantara un neno coma unha ra tres venres antes de nacer e viñera a este mundo coa facultade de curar poñendo as súas mans sobre o doente. Desfacía inchazóns, sandaba coxeiras, cegueiras, chagas, parálises, cousas terribles. Males imposibles para os doutores pero non para os prodixios deste neno chamado Raimundo, a quen a Inquisición concedera carta branca para realizar as curacións. Pero dábase a casualidade de que o pai de Raimundo era un dos homes máis importantes da cidade, ademais de familiar do Santo Oficio, e Mariña a filla dunha bruxa. Por iso o medo dos veciños, e por iso todas as distancias posibles, e por iso o Raimundo si podía levar a cabo con impunidade as mesmas prácticas polas que eran perseguidas e sometidas a tormentos tantas curandeiras, compoñedoras

e parteiras que sabían perfectamente as plantas e cataplasmas que debían aplicar para aliviar dores e sufrimentos.

Mariña retórcese mentres agarda polo nacemento da súa única filla, que quere saír pero non pode, e pola chegada da morte. A súa palidez é un síntoma levísimo do que vai pasar. No corredor da casa cheira a cirio e non hai ningunha candeia prendida. Uns minutos antes chamou á porta o barbeiro sangrador da aldea, ofrecendo a súa axuda coma quen arrinca o seu propio corazón para entregalo nun acto de amor infinito. Afeitaba os homes nun tambuche xunto á súa vivenda onde só había sitio para un cliente. Aprendera o oficio de sangrador do seu pai e do seu avó e, de cando en vez, tocáballe extraer algunha moa ou practicar algunha sangría para devolver o equilibrio aos catro humores do organismo: sangue, cólera, melancolía e flegma. Sabía aplicar samesugas e sabía cortar nos lugares precisos para que a sangría fose un éxito. Alguén debera de correr a voz de que a filla da bruxa estaba en apuros e, cando chegou aos seus oídos, abandonou o que estaba facendo e emprendeu unha carreira desesperada cara a aquela casa. Non sería a primeira vez que interviña nun parto, mais nunca reaccionara dun xeito tan visceral. Moitas matronas eran tachadas de bruxas, pero el estaba libre desa acusación porque era un home. Petou na porta e como acreditación mostrou un maletín cotroso con instrumentos de barbear, e algún máis que empregaba en casos de extrema necesidade. Tan pronto puxo un pé dentro do cuarto, Mariña chamou por Satanás e pola súa nai, nesa orde. Maldígote, Xudas!, berroulle. Se me tocas, que caian sobre ti todas as desgrazas deste mundo. Non o quería alí de ningunha maneira, non tiña dereito. Estando soa como estaba, só confiaba

nas veciñas de toda a vida, que non eran parteiras pero pariran e axudaran a parir a moitas outras. Aferrábase á experiencia desas mulleres, malia que non estivesen preparadas para unha situación coma aquela. E o barbeiro si? O barbeiro tampouco. Sabíao ela e sabíano as demais. Que solten a miña nai, suplicou. Necesítoa aquí. Que eses malnacidos a deixen vir. Por favor, facede que a liberen. O barbeiro pediulles ás veciñas que agarrasen a parturiente. Que me vas facer? O home meteu a cabeza e as mans entre as pernas dela e examinouna con sumo coidado. Traian viño, augardente, o que atopen na despensa, balbuciu el. Que algunha corte co machete da cociña o pau da vasoira. Necesito un cacho do tamaño dunha cuarta. A Mariña saíronlle os ollos das órbitas cando tal escoitou. Fabricáraa ela mesma cun mango de madeira de carballo e pólas de xesta secas, o arbusto que protexía contra os malos espíritos. Que pretendes facer con iso? Contéstame! El dirixiulle unha mirada chea de compaixón e falou en voz baixa. Tranquila, filla. Prometo que será rápido. Nese momento e só nese, Mariña rompeu a chorar.

Que beba toda a augardente que poida, ordenou. Unha das veciñas achegouse a Mariña e cominoua a tragar. É polo teu ben e polo ben da criatura. Este home sabe o que fai. O alcohol espanta as dores e alivia a alma, asegúroulle. Mariña bebeu, que outra cousa podía facer? Mirou con pánico o pau da vasoira. Mórdeo, indicou o barbeiro. Aquela indicación foi un alivio, porque nos últimos minutos acudiran á súa cabeza imaxes cun catálogo de barbaridades que algún sádico estaría encantado de facer co pau da vasoira dunha bruxa. Como defenderse naquel momento tan extremo de vulnerabilidade, cunha criatura reben-tándoa por dentro? Mais non era unha defensa o que Mariña

necesitaba, senón un milagre. Que mordas con forza, insistiu o barbeiro. Por que cheira a queimado?, preguntou ela. Que está pasando? Ninguén contestou. As veciñas de súpeto eran mudas, tiñan os beizos zurcidos e esforzábanse para non mirala aos ollos. Desde a súa posición ela non podía ver como o barbeiro pasaba o gume dun coitelo por unha lapa prendida nunha tea. Fíxolles un aceno ás outras mulleres para que a volvesen agarrar, apagou o lume contra a terra do chan e dispúxose a cortar a carne do ventre para sacar a criatura.

Mariña berrou con tanta forza que lle romperon os vasos sanguíneos dos ollos e formouse primeiro unha tea de araña e logo unha mancha densa. Partiulle un dente apertando a vasoira, a mirada borrosa, a vida evaporándose. A criatura bramou coma un animal por última vez antes de saír e aquilo foi demasiado para as veciñas, que fixeron estalar as costuras dos seus beizos musitando a coro: Ten piedade Señor, destas túas criaturas. Mira que non entendemos, nin sabemos o que desexamos, nin atinamos o que pedimos. Dános, Señor, luz. Mostra o teu poder e a túa misericordia.

A filla da bruxa retorcese, blasfemou, chamou pola súa nai ata esgorxarse. Morreu desagrada sobre aquel catre. Cando o barbeiro cortou o cordón umbilical ela xa non respiraba. O home, coas cores dun carnicero impresas na roupa, botouse a chorar. Acababa de traer ao mundo a súa neta. O seu nome é Catarina, murmurou, coa voz quebrada e o rostro branco coma un sudario. Unha das mulleres envolveuna nunha pel de cordeiro e marchou da casa con ela no colo repetindo unha oración: Sei que é duro pedirche que queiras a quen non te quere e que abras a porta a quen non te chama. Pero ti dixeches, Señor, que

viñeras buscar os pecadores. Ninguén necesitou preguntar nada porque naquel cuarto todo o mundo coñecía o procedemento. A muller botou a correr cara á igrexa para que o cura bautizase a nena. Se morría sen o bautismo non podería ser enterrada en lugar santo, e xa era bastante estigma que a súa avoa estivese sendo torturada pola Santa Inquisición. Que Deus te protexa, Catarina, murmurou o barbeiro, observando a través da fiestra a muller afastándose co bebé no colo. Logo bicou a fronte de Mariña e pechou o seu maletín, porque a vida era así de retorcida e había que continuar. Sempre adiante de xeito inexorable, aínda que ás veces a desgraza sexa tan insoportable que semelle que o mundo enteiro merece rebentar.

Imposible controlar un inverno

Os invernos nesa casa eran de xeo. Nas semanas máis duras, se pasabas as mans polas paredes estaban húmidas. Tamén a terra do chan. O frío entraba con liberdade e instalábase ata a primavera evidenciando a miseria daquela vivenda e de todas as de Merlo. Agás o cura, todo o mundo era pobre. A néboa na aldea era unha cordilleira perpetua. Feridas nas orellas, as mans atrecidas, a xeadada esposada aos ósos coma unha penitencia. Elvira tiña o costume de almacenar toda a leña que podía manter seca. Sentíase reconfortada queimando paus e avivando ese lume. Podía controlar moitas cousas, pero o inverno non era unha delas. Tampouco o intentara, o prezo que habería de pagar por algo así sería demasiado elevado.

Desde o falecemento de Mariña faltaba un elo da cadea. Cheirara a morte da súa filla sete días antes de que sucedese, e o sete era o número das viaxes, fosen onde fosen; tamén ao outro mundo. O fedor fora aumentando cada xornada e impregnando cada tecido, cada obxecto, cada respiración, ata que aqueles homes irromperon na casa alegando que eran soldados ao servizo da Inquisición, levárona pola forza e xa

non volveu ver a Mariña, aínda que si a súa tumba. Pero iso sería moito despois.

Acusaron a Elvira de bruxería e pacto con Satanás. Ela negouno todo e foi enviada á sala de torturas baixo o argumento de facela recapacitar. Sometérona a un tormento polo ben da súa alma, que estaba en perigo de acabar no inferno. Rompéronlle os dedos das mans cunha máquina que esmagaba os ósos. Elvira xurou durante a tortura que as súas intervencións se cinguían a aquelas enfermidades que non eran de médico. Excelentísimos señores, eu tan só alivio persoas e animais nos seus padecementos e desgrazas con unguentos, emplastos, cataplasmas e oracións e, rara vez, conxuros. Os ministros interpretaron a negativa a confesar coma unha reafirmación na súa herexía e advertírona de que a seguinte fase era o poldro. Nese momento ela desfíxose e prometeu que confesaría todo o que quixesen, mentres pensaba en que no futuro atoparía o xeito de vingarse daquela cuadrilla de fillos de puta. Coñecía as historias de varias mulleres que pasaran polo poldro e sabía ben o que supoñía que a sometesen ás poleas desa máquina. Sangrar non sangrabas, pero dislocábanche as pernas, os ombros, os brazos, todo, e xa nunca te recuperabas desas lesións. As dores da tortura eran un disparate, saíanche os ollos para fóra. Pero, aí, convivir o resto dos teus días con eses padecementos... Había quen enlouquecía para sempre. Non podía permitirse algo así. A súa filla estaba a piques de parir unha criatura que necesitaba alguén que a coidase. Admite vostede que se untou con unguentos que lle proporcionou o diaño?, preguntoulle un daqueles homes. Admito, señor, que fun unha covarde e non me atrevín a negarme. Admite que mantivo actos abominables con el? Mantiven, señor. Eu non quería, pero el

obrigoume. E que forma tiña? Tiña forma de castrón, señor, un castrón inmenso de cor negra. Bicouille vostede certa parte deshonesto e sucio? Si que o fixen, señor, porque me asegurou que se non o facía me comería o cerebro. O diaño marcouna coa súa unlla? Marcoume unha nádega coa súa unlla, señor, e esa ferida sempre está aberta e ten pus e ten insectos e ten a pezoña toda aí aniñando. Está arrepentida deses actos nefandos? Absolutamente, señor, que Deus me perdoe. Rezarei ata que me quede a lingua en carne viva. Mentres falaba, a Elvira caíanlle as bágoas polas dores dos dedos triturados, e a Santa Inquisición interpretou aquilo coma un auténtico arrepentimento. Deu por boa a confesión e condenouna ao desterro durante dous anos. Ela deulles grazas pola súa xenerosidade e a súa clemencia, mentres repetía para si: cabróns, vouvos facer pagar un a un por cada rotura de cada óso, por cada lágrima, por cada unha das mentiras que me fixestes pronunciar. Xuro que vos trastornarei a todos. Pode vostede marchar, señora. Que Deus os bendiga, engadiu ela, facendo unha reverencia mentres murmuraba a un volume imposible de escoitar: Invocarei os espíritos do averno para que se atrincheiren nos vosos corpos. Nunca máis coñeceredes o descanso nin o sosego. Dito isto, saíu pola porta e botou a andar mastigando unha blasfemia tras outra, coma se fose unha oración.

Elvira pasou os dous anos de desterro refuxiada na casa dunha muller curandeira, nunha aldea doutra provincia. Mentres se recuperaba das lesións, a súa vida consistiu en envolverse en farrapos e pedir na praza polas mañás, que era cando había máis movemento, e en contribuír cos seus coñecementos sobre herbas e plantas para que a curandeira ampliase as súas

competencias. Elvira era unha sabia, pero unha sabia devorada pola ira. Durante eses dous anos alimentou a súa rabia. Cada noite, antes de durmir, repetía a mesma maldición que pronunciara contra os ministros o día do tormento. Estaba disposta a acabar con eles e fantasiaba coas múltiples maneiras de provocarlles sufrimento. Devolveríalles multiplicado todo o que lle fixeran. Non é fácil convivir cunha muller con tantos paxaros negros dando bandazos dentro da súa cabeza, con tanta dor e tantas pantasma coméndolle a vida enteira. Os momentos de paz eran escasos. Cando imaxinaba o rostro da súa neta, o primeiro abrazo, unha noiteboa... Onde estaría aquela nena? Pregáballe ao mesmo Deus do que renegara tantas veces que a protexese mentres ela non podía facerse cargo. Só ata que eu volva, só ata que eu volva...

Cando por fin se cumpriu o tempo do desterro e puido regresar á súa aldea, tiña os dedos das mans retorcidos e unha ferida interior que xa nunca pecharía. Unha ferida auténtica, non coma a provocada pola unlla daquel castrón chamado Sata-nás que lle mencionaran os ministros. Atopou a casa nun estado absoluto de abandono, chea de ratas e cun cheiro insoportable a morte que quedara alí preso. Non lle importou. Tan só quería saber onde estaba a súa neta, da que aínda non coñecía nin o nome. Chamou á porta da casa máis próxima que era a de María, a mesma muller que levara correndo a nena a bautizar o día do parto. Ela fixérase cargo da pequena. Estaba sucia e fedía a cortello. O único relevante é que estaba sa. Vive grazas ao barbeiro, Elvira. El sacouna de dentro da túa filla, non había nada que facer. Ou sobrevivía unha ou ningunha, e el escolleu unha e por iso esta neniña está aquí. Chámase Catarina e ten

ollos de boi. Un arreguizo sacudiu a Elvira porque o que dicía a veciña era certo. Tiña a cara branca e os ollos negros, grandes e baleiros coma os dun boi.

Incluso para ela, que era unha muller que soportaba o peso de tantos talentos, a vida era unha sucesión de asombros nos momentos máis inesperados. Non fora quen de intuír que o sangrador asistiría o parto. Non se cruzara con ningún signo, ningún soño, ningunha premonición que a fixesen sospeitar aquilo. Pero nada máis escoitar cal fora o nome que el escollera para a nena, tivo a seguridade de que nacera marcada cun símbolo. Elvira levantoulle as mangas e examinou con ansiedade os seus brazos, o lombo, as pernas. María observaba en silencio, sen atreverse a preguntar que estaba buscando. Imaxinou que quería comprobar que a pequena estaba en bo estado. Ela tiña a responsabilidade de alimentar outras cinco criaturas e a súa situación era tan miserable coma a do resto dos habitantes daquela aldea, pero desde o primeiro día coidou a Catarina coma se fose da súa propia familia, sen facer distinción ningunha e ensinándolles aos seus fillos a tratala coma unha igual. Sei o que estás pensando, María, díxolle Elvira. Non teño dúbida ningunha dos coidados que lle deches a esta nena e nunca poderei agradecercho. Estou en débeda contigo para sempre, non penses que desconfío. Abre a boca, neniña, pediulle Elvira á pequena con toda a dozura da que era quen unha muller coma ela. A pequena obedeceu e mostrou a coroa de espiñas debuxada en vermello na súa lingua. Aquí a está. Mira, María, ten a roda de santa Catarina. Por iso o sangrador escolleu ese nome. María non entendía como lle puidera pasar por alto unha cousa coma esa. Xamais detectara nada raro na pequena e resulta que alí estaba a coroa, redonda e

perfecta. Elvira fitou os ollos de boi de Catarina. Son a túa avoa e de agora en diante vivirás comigo. A continuación abrazou a nena e bisboulle unha promesa ao oído: dareiche a mellor vida que pode dar unha bruxa.

Daquilo pasaran tres anos. Agora, co inverno metido de cheo na casa, avoa e neta compartían os momentos previos antes de deitarse. Durmían no mesmo cuarto sobre colchóns diferentes, unha en cada extremo da estancia. A Catarina dábanlle moito medo os ruídos que facían os insectos que aniñaban entre os nós de la do seu colchón. Tan só había unha oración que a axudaba a calmarse, a que a súa avoa Elvira repetía cada noite antes de durmir: «Vouvos facer pagar un a un por cada rotura de cada óso, por cada lágrima, por cada unha das mentiras que me fixestes pronunciar. Xuro que vos trastornarei a todos. Invocarei os espíritos do averno para que se atrincheiren nos vosos corpos. Nunca máis coñeceredes o descanso nin o sosego». Amén, Catarina. Amén, avoa.

A través deste código QR podes acceder a un vídeo de Leticia Costas falando sobre a novela



Gustouche?

Comparte a túa opinión
nas redes sociais
con este cancelo

#enmeigadaconPeldecordeiro



www.xerais.gal

Nas librarías o 9 de maio

Pel de cordeiro

344 páxinas / 19,50 €

ISBN: 978-84-1110-540-8

Código comercial: 1331528



Leticia Costas

É difícil precisar cando empezou a miña fascinación polo mundo do Alén. Supoño que o feito de criarme nunha casa situada ao pé dun carreiro que levaba á consulta dunha bruxa foi un excelente caldo de cultivo. Lembro os alaridos das mulleres que pasaban por aquel camiño para chegar á casa da bruxa. «Non as mires aos ollos, están posuídas», advertíame a miña avoa.

Eu morría de medo. Pero o máis impresionante era que cando aquelas mulleres saían da consulta, facían o camiño de regreso completamente tranquilas. Non había nin rastro dos berros. Coma se xa non tivesen aloxado no seu corpo aquel hóspede que as devoraba por dentro. Sendo só unha nena eu sabía o que debía facer se me cruzaba coa Santa Compañía e sentía un medo aterrador á escuridade porque aí é onde moran as ánimas. A escritora que son hoxe ten unha relación íntima co lugar onde nacín. O meu ADN está cargado de sombras. Tamén de luces, aínda que ás veces vacilen. Todo ese universo está concentrado en *Pel de cordeiro*. É probable que sexa a novela que mellor me describe.

Catarina pertence a unha estirpe de bruxas. Herda da súa avoa o oficio e afonda nos segredos das plantas medicinais. Críase nunha consulta demencial, onde acoden enfermos con todo tipo de doenzas. Nos últimos anos da Inquisición, no medio da fame e a miseria, elas son o máis semellante a un doutor que existe en Merlo, pero cunha diferenza: son necesarias pero tamén odiadas.

Lola é unha muller do século XXI que atravesa unha crise persoal. Entra en contacto cunhas forzas que non comprende. A ruptura coa súa parella, as súas dúbidas sobre a maternidade e o desbloqueo de recordos que tiña esquecidos provócanlle un colapso.

Ledicia Costas afonda no espertar sexual, na violencia e na maxia con grandes doses de fantasía. Unha novela hipnótica, que explora o erotismo e a escuridade e nos envolve nunha atmosfera tan terrible como preciosa.

